



Miña sogra cando reñe
ponse no medio da casa,
ela dime: “Bota fóra”
eu digho: “tén boa traza”.

Miña nai cando peneira
tod’o corpo cerandea,
ela di que non quer nora,
eu digo que Dios lla dea.

Miña nai cando se enfada
peta cun pé no sobrado,
ela di que non quer xenro,
eu xa llo teño buscado.

O melro e maila melra
iban polo prado arriba,
o melro como é tan pillo
botoulle a perna por riba.

O melro e maila melra
iban polo prado abaixo,
o melro como é tan pillo
botou a melra por baixo.

Na miña vida vin outro
ca vin no abemieiro
unha pulga bater sola
nas costas dun zapateiro.

Por decir que me casase
non me pérdalo cariño,
que se volvo a viudar,
inda me caso contigo.

Todos me din que me case,
todos me din que vou ben,
todos me din que me case,
pero non me din con quen.

Todos me din que me case,
eu tamén me casaría
s’ a vida durara sempre
coma do primeiro día.



Non quero gato lareiro,
ha de ser rateador,
non quero home preghiceiro
gústame traballador.

Dios nos libre dun homiño
que bote sal a pucheira,
pra casar cun calzoliñas
vale mais estar solteira.

Teño qu' ir a cas do cura
pra que me fag'ón escrito:
que me pareu unha cabra
e non me quer o cabrito.

Dixéchesm'ó que non era
por eso non me asaíei,
lusáchela túa lingua
eu como 'staba quedei.

Eu pedín e non me deron
e quedei avergonzado,
a vergonza non é miña
qu' o pedir er'ó meu dado.

Chamáchesme rachafaldas,
inda non rachei ningunha,
se mo volves a chamar
heiche de rachala túa.

O cura e o taberneiro
é un caso parecido,
o cura bautiz'ós nenos
os taberneiro-lo viño.